



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

BASES DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO- OPOSICIÓN DE 2 PRAZA DE PEÓN DE OBRAS PARA O CONCELLO DE TABOADA XORNADA COMPLETA E DE DURACIÓN 9 MESES.

PRIMEIRO. Normas Xerais

É obxecto das presentes bases a contratación de **2 prazas: 2 PRAZAS DE PEÓN DE OBRAS** do Concello de Taboada, persoal laboral temporal de interese social, mediante concurso-oposición, no marco da subvención concedida pola Consellería de Economía, emprego e Industria ao amparo da "Orde do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2017".

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Taboada, área de obras e servizos, e as funcións son as seguintes: funcións propias de peóns de obras, baixo a supervisión do señor Capataz da Brigada. Así, bachear, limpar, desbroze intensivo, obras de mantemento e instalación, así como aquelas outras funcións que lle encomende o concelleiro delegado de área.

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do Contrato e salario.

A modalidade do contrato é de obra ou servizo determinado a xornada completa.

A duración será de 9 meses.

A retribución mensual bruta será de 1.088,89 € incluído o rateo das pagas extra.

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto na lexislación vixente en materia de personal.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. So por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa,



para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado membro da Comunidade Europea, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

f) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias de solicitude

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello na data e na hora que figure na notificación practicada pola Servizo Público de Emprego de Galicia e acompañando a documentación que se indica a continuación.

No caso de presentar a instancia de solicitude entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

No caso de que non presente a instancia de solicitude coa documentación obrigatoria no prazo establecido para elo, entenderase que o candidato non está interesado no posto ofertado.

A solicitude deberá ir acompañada por:

a) Solicitude de participación anexa a estas Bases. Anexo II.

b) Fotocopia de DNI.

c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

d) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

e) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.



f) Documentación que acredite as circunstancias de pertencer a colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e que se van a puntuar dentro do apartado de concurso neste proceso de selección.

A compulsa da anterior documentación deberana facer os aspirantes que resulten seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

QUINTO. Admisión de Aspirantes

No transcurso da mañá do día de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, cos motivos da exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos e nesta resolución fixarase o prazo para emendas que será no mesma mañá debido a que a Resolución de concesión da subvención arriba mencionada e a o ampara da que se fai a contratación fixa como data para contratar como último día 13.12.2017. A continuación a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista de aspirantes con carácter definitivo. Dita resolución publicarase no taboleiro de edictos. Na mesma resolución farase designación nominal do tribunal, así como a citación aos aspirantes para a realización dun exercicio.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 5 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SEXTO. Tribunal Cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores serán designados pola Alcaldía e estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogal.

Designarase en cada caso un membro titular e outro suplente. Todos os membros do tribunal deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso a praza convocada.

Este órgano non poderá constituírse nin actuar sen estar presentes un número de membros



equivalente ou superior á maioría absoluta do número de membros que o compoñen nin sen estar presentes o Presidente e o Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo no caso de empate o voto de calidade do presidente do Tribunal.

A súa actuación axustarase estritamente ás Bases da convocatoria, non obstante, resolverá as dúbidas que xurdan na súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas Bases. O Presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

Da sesión ou sesións que celebre o tribunal levantarase a oportuna acta.

No caso de consideralo necesario o tribunal poderá recabar axuda de asesores, os cales terán voz pero non voto, limitándose a cumprir a función para a que no seu caso sexan designados, asesorando ao Tribunal no momento e sobre as cuestións que especificamente este lle expoña.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉPTIMO. Desenrolo do Proceso selectivo.

Os aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único, sendo excluídos do concurso-oposición aqueles que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

Se en calquera momento do proceso de selección chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na presente convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer a súa exclusión ao Presidente da Corporación, indicando as inexactitudes formuladas polo aspirante na solicitude de admisión a esta oposición libre, aos efectos procedentes.

OITAVO. Sistemas de Selección

O Procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases: CONCURSO e OPOSICIÓN:

FASE DE CONCURSO:

- **Hasta un máximo de 10,50 puntos.**

A) Méritos computables:

8.1.- Por ser muller. 1,00 punto.



- 8.2. Por ser vítima de violencia de xénero 1,00 punto.
- 8.3. Por ser menor de 30 anos. 1,00 punto.
- 8.4. Por ser menor de 30 anos e ser demandante do primeiro emprego. 1,00 punto.
- 8.5. Por ser menor de 30 anos e non ter cualificación profesional. 1,00 punto.
- 8.6. Por ser parado de longa duración 0,05 por cada mes completo. máximo 1,00 punto.
(Unicamente se terá en conta o último período de permanencia en esta situación)
- 8.7 Por non percibir ningún tipo de prestación ou subsidio 1,00 punto.
- 8.8. Por ser maior de 45 anos. 1,00 punto.
- 8.9. Por ser integrante de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social 1,00 punto.
- 8.10. Por ser beneficiario da RISGA 1,00 punto.
- 8.11. Por ter responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos,e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. 0,50 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN

- **Hasta un máximo de 15,75 puntos.**

Consistirá na realización de un **exercicio** contestando por escrito a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1,575 puntos. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total. **Puntuará como máximo 15,75 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego podendo ser escrita ou oral para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de **Celga 1**, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 1, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de **apto**.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

OITAVO. Calificación

A calificación final será a suma dos puntos obtidos no concurso de méritos e no exercicio primeiro. No caso de empate será seleccionada o candidato que leve mais tempo de situación de desemprego.

NOVENO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orden de puntuación obtida no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Taboada, precisándose que o número de aprobados non poderá ser superior ao número de prazas vacantes convocadas. Dita relación elevarase ao Presidente de da Corporación para que proceda ao nomeamento do candidato proposto e a formalización do correspondente contrato.

Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais dende que se publique no taboleiro de edictos do concello de Taboada, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria.

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen la documentación ou da mesma se puidese deducir que carecen de algún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación. Neste caso pasarase ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación.

DÉCIMO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común de las Administracions Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo de un mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios e páxina web del Concello de Taboada (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e o Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo de Persoal do Concello.

En Taboada na data da sinatura electrónica.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO I

Temario.

- Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.
- Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.
- Tema 3.- Diferentes materiais e ferramentas en construción.
- Tema 4.- O marco da transparencia na administración local.
- Tema 5.- Conceptos fundamentais da administración electrónica.
- Tema 6.- Elementos da construción: Muros, tabiques, paredes.
- Tema 7.- Demolicións.
- Tema 8.- Reparación de baches en pistas. Materiais e ferramentas a empregar.
- Tema 9.- Reparación de camiños. Materiais e ferramentas a empregar.
- Tema 10.- Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas a empregar.
- Tema 11.- Conceptos básicos sobre fontanería, electricidade, carpintería, pintura e xardinaría.

ANEXO II

CONCELLO DE TABOADA

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN:
- RÉGIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

III. - MANIFESTO: que son coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza de PEÓN DE OBRAS.

III. - DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

IV. - SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de oposición libre para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

Taboada, de de 2017.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TABOADA